

# A MÚSICA NA IDADE MEDIA




A Idade Media comprende os s. V ao XV. Os seus límites cronolóxicos sitúanse entre a caída do Imperio Romano (476) e a caída de Constantinopla en poder dos turcos (1453) ou o descubrimento de América (1492). É un período marcado polo poder da Igrexa e por un profundo teocentrismo que dará lugar ao predominio da música relixiosa.



Emperador Constantino  
(274 – 337)



Papa Gregorio Magno  
(540 – 604)



## MÚSICA

VOCAL  
RELIXIOSA

VOCAL  
PROFANA

POLIFONÍA



Canto  
Gregoriano

Canción  
trovadoresca  
E  
Cantigas

Nacemento  
Ars Antiqua  
Ars Nova

No ano 313, co Edicto de Milán, Constantino legaliza a relixión cristiana favorecendo a súa expansión. Refunda a cidade de Bizancio (actual Estambul), chamándoa "Nova Roma" ou Constantinopla.

Xogará un papel moi importante en todo o proceso de unificación da liturxia romana e na configuración dunha música máis sinxela, chamada canto gregoriano, convertíndose no canto oficial da Igrexa Católica.

# MÚSICA VOCAL RELIXIOSA



O canto gregoriano é o canto utilizado pola Igrexa Católica Romana como instrumento ao servizo a oración, de ahí la importancia que adquire o texto fronte á música. Ao ser a súa función exclusivamente relixiosa, para a liturxia, utiliza o latín como lingua vehicular.

Os seus principais escenarios son a Misa (acto litúrxico da Eucaristía) e o Oficio divino (conxunto de oracións que os católicos debían de rezar ao longo do día e moi especialmente aqueles que vivían en comunidades monásticas. O Oficio articúlase en 8 horas canónicas: maitines, laudes, prima, tercia, sexta, nona, vísperas e completas).



# TEXTURA E ACOMPAÑAMENTO



A textura musical designa a forma de relacionarse as distintas voces que interveñen nunha peza musical (entendendo como voces diferentes liñas melódicas simultáneas, sexan vocais ou instrumentais).

A textura do canto gregoriano é monódica: unha soa liña melódica. Todas as voces cantan a mesma melodía ao unísono.



Interprétase a capella (sen acompañamento instrumental).




# NOTACIÓN MUSICAL



Nas súas orixes, o canto gregoriano transmitíase oralmente. A medida que o repertorio foi crescendo, fíxose necesario fixar por escrito a notación musical. É así como nacen os primeiros neumas ou signos, derivados da linguaxe escrita, que se colocan sobre cada sílaba do texto e serven de guía aos cantores para recordar a melodía pertencente a un repertorio coñecido de antemán.

Os catro neumas principais son:

o punctum (●), a virga ( / ), o clivis ( / \ ) e o podatus ( ✓ ). Estes neumas non indicaban nin altura do son nin ritmo, senon que amosaban o sentido ou a dirección que debía ter a liña melódica.



Notación neumática adiaستمática

# NOTACIÓN MUSICAL



No s.X comenzaron a usarse liñas para sinalar con certa exactitude a altura dos sons musicais. Ao principio unha liña vermella trazada sobre o pergamino sinalaba o son Fa e servía como referencia para os demais sons, logo engadiuse unha segunda liña de cor amarelo que representaba un DO e, finalmente, o monxe beneditino Guido D'Arezzo (995-1050) engadiu outras dúas máis, creando o tetragrama ou pauta de catro liñas.

O anterior sistema de neumas evolucionou cara outros de trazo cadrado, cuxa forma é a consecuencia de substituír a escritura con caña pola escritura con pluma de ave.



Notación cadrada



Graduale Triplex  
(inclúe notación cadrada e adiaستمática)



# NOTACIÓN MUSICAL



Guido d'Arezzo foi o que deu nome ás seis primeiras notas da escala (ut, re, mi, fa, sol, la), baseándose nas primeiras sílabas dos versos dun himno do s.VIII, adicado a San Xoan Bautista. Co tempo a primeira sílaba cambiouse por Do e engadiuse o Si unindo a "S" e a "I" dos dous últimos versos.

H.II  
U T que-ant laxis resoná-re fibris mi-ra gestó-rum  
fámu-li tu-ó-rum, sol-ve pollú-ti lábi-i re-á-tum, sancte  
Io-ánes.

**Ut** queant laxis  
**R**esonare fibris  
**M**ira gestorum  
**F**amuli tuorum  
**S**olve polluti  
**L**abii reatum  
**S**ancte **I**ohannes

Para que poda  
Con toda a súa voz  
Cantar as túas maravillosas  
Fazañas estos os teus servos,  
Desfai o reato dos  
Nosos manchados beizos,  
iOh, bendito San Xoan!

## UT QUEANT LAXIS

Ut que-ant la - xis, Re-so-na-re fi-bris,  
Mi - ra ges-to - rum, Fa-mu-li tu-o - rum,  
Sol - ve pol-lu-ti, La-bi-i re-a - tum,  
Sanc - te Jo-han-nes.

# RITMO



O ritmo do canto gregoriano é libre, non medido. Para representar a duración dos sons non utilizaban figuras, senon combinacións de sons longos e curtos, que viñan determinadas pola expresión e acentuación do texto.

A - ve ve - rum cor - pus na - tum de Ma - ri - a vir - gi - ne. -

Ve - re pa - sum, im - mo - la - tum in cru - ce pro ho - mi - ne. -

Cu - jus la - tus per - fo - ra - tum flu - xit - a - qua et san - gui - ne. -

Partitura gregoriana transcrita á notación actual

# ESTILOS DE CANTO



Atendendo á relación texto música podemos diferenciar tres estilos de canto:

## ❖ Silábico (unha nota por sílaba)

Re - dem - pto - ri plas - ma - to - ri sal - va - to - ri om - ni - um.

## ❖ Neumático ou adornado (dúas, tres ou catro notas por sílaba)

Pu u er na \_\_\_\_\_ tus est \_\_\_\_\_ no \_\_\_\_\_ bis

## ❖ Melismático ou florido (máis de catro notas por sílaba)

Al - - - - le - - - - lu - ia





# ESCALAS MODAIS



O canto gregoriano utiliza un sistema de escalas modais derivadas dos modos gregos. Estas escalas organizanse en sentido ascendente, teñen todos os sons naturais e reciben un nome distinto en función da tónica: Protus (re), Deuterus (mi), Tritus (fa) e Tetrardus (sol). Estes catro modos principais subdivídense en dous tipos: modo auténtico (para o rexistro agudo) e modo plagal (para o rexistro grave); cada un deles ten unha nota dominante ou de recitado distinta.

A diferente colocación dos tons e semitons transmite a cada modo unha sonoridade e carácter propios (ethos modal). Para Guido D'Arezzo "o primeiro é grave, o segundo triste, o terceiro místico, o cuarto armonioso, o quinto alegre, o sexto devoto, o sétimo anxélico e o octavo perfecto".



# MÚSICA VOCAL PROFANA



- ❖ A música vocal profana desenvólvese de forma paralela á relixiosa.
- ❖ O texto das cancións está escrito na lingua vernácula de cada zona e a súa temática é variada (amor cortés, cancións satíricas, cantos de alabanza á Virxe...)
- ❖ A textura é monódica e o acompañamiento instrumental heterofónico.
- ❖ O ritmo é máis marcado debido ao carácter popular da música.
- ❖ Sistema musical baseado nas escalas modais gregorianas.
- ❖ As cancións aparecen recopiladas en cancioneros que están luxosamente decorados.

# MÚSICA VOCAL PROFANA



## PRINCIPALES ESCENARIOS GEOGRÁFICOS

### FRANCIA



O movemento trovadoresco xurde no sur de Francia no S.XI. Está representado polos trovadores e os xogares.

O trovadores eran poetas-músicos, de orixe noble, que, dependendo da zona e a lingua na que cantaban, recibiron distintos nomes: trovadores (sur de Francia), troveros (norte de Francia) e minnesänger (Alemania).

Os xogares eran músicos ambulantes, de orixe humilde, que recorrían os castelos e os pobos entretendo ao público con xogos, representacións ou interpretando cancións dos trovadores.

### ESPAÑA



As principais testemuñas que conservamos da música vocal profana en España datan do S.XIII e están escritas en galego-portugués: son as Cantigas de amigo de Martín Codax e as Cantigas de Santa María de Alfonso X o Sabio.

As Cantigas de amigo son de temática amorosa en forma de lamentación pola ausencia do amado ("amigo") ou ben de alegría polo reencuentro con él. Pergamino Vindel.

As Cantigas de Santa María son 420 cantos en honor á Virxe. A maioría relatan milagres sucedidos coa intervención de María. Foron reunidas na corte de Alfonso X o Sabio, a quen se lle atribúen a autoría dalgunha delas. Están escritas con notación mensural e seguen a estrutura estribillo-estrofa da canción popular. Consérvanse en catro códices decorados con luxosas miniaturas.



# A POLIFONÍA



A finais do S.IX, aparece a polifonía na música occidental (dous ou máis sons que soan simultaneamente).



## PERÍODOS

Polifonía Primitiva (S. IX – XII)

ARS ANTIQUA (S. XII – XIII)

ARS NOVA (S. XIV)



- ❖ A polifonía constrúese a partir do canto gregoriano.
- ❖ Formas polifónicas:  
Organum paralelo  
Organum melismático  
Discantus



- ❖ Formas polifónicas máis complexas: Conductus e Motete.
- ❖ Ritmo medido.
- ❖ Centro musical máis importante: Escola de Notre Dame en París.
- ❖ Compositores: Leonin e Perotin.



- ❖ A polifonía libérase do canto gregoriano.
- ❖ Notación mensural.
- ❖ Desenvolvemento da música profana: Canon, balada e chanson.
- ❖ Compositores: P. de Vitry, G. de Machaut e F. Landini.

# NACEMENTO DA POLIFONÍA



A polifonía primitiva desenvólvese entre os s.IX e XII. Neste período danse os primeiros inventos polifónicos: o Organum e o Discantus.

O Organum paralelo consiste en engadir a unha melodía gregoriana, chamada Cantus Firmus ou Voz Principalis, unha segunda voz, a distancia de cuarta ou quinta inferior, chamada Voz Organalis.

Vox principalis  
Vox organalis

Tu pa - tris sem - pi - ter - nus es fi - li - us.

O Organum libre ou discantus xurde no S.XI, ao practicar o movemento contrario entre as voces.

Vox organalis  
Vox principalis

Jus - tus ut pal - ma

O Organum florido ou melismático consiste nunha melodía gregoriana, escrita na voz inferior e desenvolta en valores longos, sobre a que a voz organalis fai longos melismas cun movemento libre.

Vox organalis  
Vox principalis

Re- dem - pto - ri plas - ma - to - ri

# ARS ANTIQUA



Comprende os s.XII e XIII. París, e máis concretamente a súa catedral convírtese no principal centro de actividade musical de Europa coñecido como Escola de Notre-Dame, da que formaron parte un grupo de músicos, entre os que se atopan dous que pasaron á historia por ser os primeiros autores polifónicos coñecidos: Léonin e Pérotin.

A música abandona o ritmo libre gregoriano. O desenvolvemento de formas polifónicas máis complexas obriga a ter que medir as duracións dos sons co fin de facer concordar as distintas voces da polifonía. Para iso, a Escola de Notre-Dame recorre a un procedemento utilizado polos gregos, os pes métricos ou modos rítmicos (combinación de patróns de duración longos e curtos), dando orixe á notación modal.



Catedral de Notre-Dame

Modo rítmico	Notación	Ritmo
1. Troqueo — U	Longa - Breve	
2. Yambo U —	Breve - Longa	
3. Dáctilo — U U	Longa - Breve - Breve	
4. Anapesto U U —	Breve - Breve - Longa	
5. Espondeo — —	Longa - Longa	
6. Tribaco U U U	Breve - Breve - Breve	



# ARS ANTIQUA



Xurden dúas novas formas polifónicas: o conductus e o motete.

O conductus é un canto polifónico sagrado pero non litúrxico, onde a melodía principal xa non é gregoriana, senón inventada polo compositor. Dado o seu carácter ceremonial (acompañamento do oficiante ou personaxes importantes da época nos seus desplazamentos por dentro ou fora da igrexa), a música ten un ritmo máis ou menos procesional.



O motete é unha composición vocal polifónica, polirrítmica e politextual (texto relixioso en latín e texto profano en francés).

Au - cun vont so - vent Por lor en - vi - e Mes - di - sant d'a - mur, Mais ilh  
A - mor qui cor  
Kyrie eleison

# ARS NOVA



No S.XIV, Pilippe de Vitry escribe un tratado chamado Ars Nova para referirse á produción musical desenvolta neste século, na que se aprecian importantes diferencias coa etapa anterior en cuanto ás técnicas de composición e notación.

Entre as principais características do Ars Nova atópanse:

- ❖ O nacemento dunha sociedade máis urbana que favorece a perda de forza do teocentrismo medieval.
- ❖ O triunfo da polifonía fronte á música monódica.
- ❖ A polifonía empeza a liberarse do canto gregoriano.
- ❖ Aparición da notación mensural na que se asignan valores concretos a cada son.
- ❖ A música profana adquire gran importancia a través da canción polifónica: caccia o canon, balada o chanson.

Os compositores máis importantes son: Philippe de Vitry, Guillaume de Machaut e Francesco Landini.

# CÓDICES



En España a polifonía chega a través da peregrinación a Santiago de Compostela e a outros mosteiros da península. As pezas quedaron recollidas nos códices que son libros que recollen cadernos plegados e cosidos. Os máis importantes deste repertorio son:

- ❖ **Códice Calixtino:** atópase na Catedral de Santiago, é unha guía do peregrino, contén a primeira partitura dunha peza a tres voces de toda Europa: *Congaudeant Catholici*
- ❖ **Códice das Huelgas,** Burgos, repertorio do *Ars Antiqua*
- ❖ **Libre Vermell,** mosteiro de Montserrat, Barcelona. Pezas dirixidas á virxe, peregrinaxe ao mosteiro, cantos medievais en catalán, occitano e latín.



# PRINCIPAIS INSTRUMENTOS



A música instrumental medieval non está escrita para ningún instrumento en concreto. Utilízase con dúas funcións: como acompañamento da música vocal ou na interpretación de danzas (en moitos manuscritos estas danzas aparecen coa denominación xenérica de estampie). A principal fonte de información para coñecer os instrumentos desta época atópase nas pinturas e miniaturas dos manuscritos.



## FAMILIA INSTRUMENTAL

